

**SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE VINTE E CINCO DE SETEMBRO DE 2017.**  
**EXPTE. 5342/2017.**

**ASISTENTES:**

D<sup>a</sup>. MARIA LOUREIRO GARCÍA  
D. JESUS ANTONIO FERNÁNDEZ CAL  
D<sup>a</sup>. LARA FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ-NORIEGA  
D. EMILIO VILLARMEA MENDEZ

**SECRETARIO ACCIDENTAL:**

D. JOSÉ VIVERO RUSSO

**INTERVENTOR POR DELEGACIÓN:**

D. SERGIO AGUADO DELICADO

Na Casa do Excmo. Concello de VIVEIRO, sendo as 13:30 do día 25 de setembro de 2017, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup>. María Loureiro García, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a do Secretario Accidental, José Vivero Russo, ten lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria.

Excusan verbalmente a súa asistencia os concelleiros, D<sup>a</sup>. MARIA ISABEL RODRÍGUEZ LÓPEZ e D. JESUS FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ.

Á hora sinalada para este acto pola Sra. Alcaldesa, declárase aberto o mesmo.

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN LEVADA A CABO O DÍA 18-09-17.**

Non existindo ningunha obxección ó respecto, procédese á aprobación da acta da sesión do día 18 de setembro de 2017.

**2.- RECOÑECIMENTO E LIQUIDACIÓN DE OBRIGAS.**

### **EXPTE. 5369/2017.-**

Vista a proposta do Concelleiro de Facenda, D. Jesús Fernández Fernández, coa conformidade da Intervención, para a aprobación de facturas e obrigas referente ao expediente 5369/2017.

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, que se recollen na proposta do Concelleiro de Facenda referente ao expediente 5369/2017.

Segundo.- Dar conta deste acordo ao Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación aos Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

### **PUNTO INCLUIDO NA ORDE DO DÍA POR URXENCIA.**

Por parte da Alcaldía propónse a inclusión nesta sesión da Xunta de Goberno Local da aprobación do Plan de seguridade e saúde do expediente de contratación denominado: *“Sinalización da ruta de senderismo “Penedo do Galo” do Concello de Viveiro (Lugo)”*.

A urxencia da aprobación do devandito Plan motívase en que deberá formalizarse canto antes a Acta de Replanteo para poder principiar as obras, xa que o Concello debe xustificar ante a Dirección de Turismo de Galicia os investimentos deste contrato, con data límite o 31 de outubro de 2017, ó estar esta actuación subvencionada por este organismo, ao abeiro das Resolucións da Directora de Turismo de Galicia, de 27 de xullo de 2017 e de 29 de decembro de 2016.

Considerando os anteriores antecedentes, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda ratificar a urxencia do asunto proposto pola Alcaldía para a inclusión na presente sesión, asunto que se relaciona a continuación, segundo o expediente ao que pertence:

### **EXPTE. 4656 /2017.-**

Visto o Plan de Seguridade e Saúde presentado pola empresa FUTURES INFOGRAFÍA, S.L. con CIF NÚM. B-27235555, referente á obra denominada *“Sinalización da ruta de sendeirismo “Penedo do Galo” do Concello de Viveiro (Lugo)”*.

Visto o informe favorable a este Plan de Seguridade e Saúde emitido polo coordinador de seguridade e saúde durante a execución da obra, D. Rafael Marful Aba.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobado o Plan de Seguridade e Saúde presentado pola empresa FUTURES INFOGRAFÍA, S.L., referente á obra denominada "*Sinalización da ruta de sendeirismo "Penedo do Galo" do Concello de Viveiro*".

Segundo.- Notificar este acordo ó Servizo de Contratación para a súa notificación ó interesado.

### **3. - ROGOS E PREGUNTAS.**

E non habendo máis asuntos que tratar, A Sra. Alcaldesa levanta a sesión, sendo as trece horas e corenta e cinco minutos do día 25 de setembro de 2017, extendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu, Secretario accidental, dou fe.